



ESTÁNDARES PROFESIONAIS DA ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)

A ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI) nace en Galicia no ano 2001 para dar saída ás necesidades dun colectivo profesional cada vez máis importante na nosa comunidade autónoma. Dende a creación da licenciatura de Tradución e Interpretación na Universidade de Vigo o mercado crecente da tradución e a interpretación conta cun importante número de traballadoras e traballadores preparados que veñen a sumarse a aqueles xa presentes anteriormente.

Ademais, a **ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)** nace cun claro compromiso co idioma galego, que pretende fomentar en todo o mercado da tradución e interpretación en Galicia.

Os obxectivos da asociación son os seguintes:

- a) Contribuír á mellora das condicións laborais dos/as tradutores/as e intérpretes no mercado galego a través da relación con empresas, clientes e institucións implicadas na actividade profesional da tradución e da interpretación.
- b) Promocionar a lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos.
- c) Proporcionar ás/aos profesionais da tradución e da interpretación posibilidades de formación continuada non formal.
- d) Crear un centro de recursos materiais e humanos para os/as profesionais da tradución e da interpretación.
- e) Proporcionar asesoramento legal, administrativo e de calquera outro tipo que as/os profesionais da tradución e da interpretación poidan precisar.

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo principal da **ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)** consiste na defensa dunhas condicións laborais dignas para este grupo de traballadoras e traballadores.

As necesidades e carencias neste ámbito son manifestas na práctica diaria da profesión por parte de calquera traballador/a. No mercado galego en xeral parece existir un descoñecemento importante das condicións laborais e a calificación profesional necesaria para exercer o noso traballo. Este descoñecemento comeza a miúdo polos/as propios/as profesionais que non teñen á man a lexislación existente en certos aspectos nin un código ao que referirse en caso de necesidade.

O obxectivo principal deste documento consiste precisamente en constituírse o elemento de referencia para o mundo da tradución e da interpretación en Galicia. Nel intentamos recoller o que consideramos os alicerces dun mundo laboral de calidade e as informacións necesarias para que calquera profesional poida estar en posición de negociar un salario e condicións laborais dignas.

As bases nas que se fundamenta o presente documento intentaron ser o máis amplas posibles, e para iso recolleuse información sobre tarifas tanto doutras asociacións profesionais do estado español como dunha enquisa realizada especificamente pola AGPTI para as/os profesionais asentados en Galicia. Por outra banda, as indicacións de índole legal están todas elas fundadas no marco legal autonómico, estatal, comunitario ou internacional, tal e como se indicará nos seguintes apartados.

Non se trata dun documento pechado. A intención da AGPTI é pór a disposición das e dos profesionais un documento base que poida ser aumentado e completado ao longo dos anos con toda aquela información que os socios e socias consideren necesaria e útil, e que, por outra banda, estará sometido a revisións periódicas.

Este documento foi aprobado polas socias e socios da ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI) na Asemblea Xeral celebrada en Vigo o día 14 de febreiro de 2003.

Esperamos que o presente documento resulte de utilidade a todas e todos os profesionais e persoas interesadas.

2. CONDICIÓN LABORAIS DOS/AS PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN

Neste apartado recollemos as liñas básicas que a AGPTI considera de necesario seguimento a fin de que os/as profesionais da tradución e da interpretación poidan desenvolver o seu labor dun xeito satisfactorio.

Tanto para os/as profesionais da tradución como para os/as da interpretación, a relación contractual que establecen co/a cliente/a iníciase cunha proposta concreta do traballo que se lle solicita, sexa por escrito ou verbalmente. A continuación establecemos unha serie de recomendacións para que a devandita relación contractual se desenvolva de maneira axeitada e satisfactoria para todas as partes implicadas, así como as obrigas aplicables ás mesmas.

2.1. A Tradución

2.1.1. Recomendacións

- **Información previa.** Antes de que o/a tradutor/a decida aceptar ou rexeitar unha encomenda, o/a cliente/a porá á súa disposición o texto de partida, ou ben, información detallada sobre as súas características (tema, tamaño, estilo, tipo de texto, outras peculiaridades...).
- **Documentación.** O/a cliente/a porá a disposición do tradutor/a toda aquela documentación (textos relacionados, glosarios, traducións anteriores, imaxes, etc.) que posibilite unha realización correcta do traballo do/a tradutor/a. O/a cliente/a indicará ao/á tradutor/a todos aqueles aspectos adicionais que este/a deba considerar para a realización da tradución (función da mesma, formato, cuestións terminolóxicas, uso de abreviaturas, etc.).
- **Cómputo.** O cómputo en Galicia realízase habitualmente por palabra do texto traducido, aínda que cada vez é máis habitual a contabilización das palabras do texto de partida, sobre todo a efectos de elaborar un orzamento ou ben debido á utilización de memorias de tradución. En canto á corrección de textos, o cómputo neste caso efectúase normalmente por palabras do texto o ben por hora traballada. A estes

efectos pódese consultar o apartado seguinte do presente documento (*Condicións económicas*), onde a AGPTI ofrece as tarifas de uso xeralizado en Galicia para os distintos tipos de tradución/interpretación, tendo en consideración determinadas condicións especiais de traballo (tarifa mínima, recarga por urxencia, recarga por traballo durante a fin de semana, etc.)

- **Contacto directo co/a cliente/a.** Para a elaboración dunha tradución profesional é importante que o tradutor ou tradutora teña a posibilidade de contactar directamente co/a cliente/a final, en caso necesario, a fin de solucionar todas as dúbidas da forma máis áxil e precisa posible.
- **Contrato de arrendamento de servizos.** O acordo por escrito das condicións laborais das traballadoras e traballadores, no que se estipulen as obrigas e dereitos das dúas partes implicadas, é unha práctica cada vez máis habitual e que reviste unha grande importancia para garantir o adecuado cumprimento da encomenda específica acordada.

O/a tradutor/a entregará ao/a cliente/a un contrato de arrendamento de servizos que este deberá ler e asinar, e no cal ha de constar a seguinte información: lingua da que se traduce e á que se traduce, prazo de entrega, tipo de texto e peculiaridades, condicións de pagamento (tarifas aplicadas, cómputo e prazo de pagamento) e cláusula de confidencialidade. A continuación, presentamos un contrato cuberto, e como anexo a este documento achégase un modelo deste tipo de contrato.

ACORDO DE COLABORACIÓN PRIORITARIA

E

PROTOCOLO DE CONFIDENCIALIDADE

REUNIDAS

por unha parte

Dona Sabela Hermida Leivas, maior de idade, con DNI 35948390-F, en representación de TRADUCIÓNS A FROUXEIRA S.A., con CIF 12345678-C e domicilio fiscal en R/Mariscal, nº 3 - 4º dta., 27456 Mondoñedo, no sucesivo a Clienta.

e por outra parte

Dona Xana Leiras Alvariño, maior de idade, con DNI 23456789-B e domicilio fiscal en R/Pintora Maruxa Mallo, nº 7 - 2ºA, 36345 Pontevedra, en calidade de tradutora, no sucesivo a Tradutora.

ACORDAN

1. A clienta contrata os servizos de tradución da tradutora.
2. A tradutora, por encargo da clienta, levará a cabo a tradución do texto "A pesca do bonito en Burela". Nº de palabras do texto de partida: 4.890; lingua de partida: galego; lingua de chegada: inglés; tipo de tradución: especializada. A tradutora comprométese a respectar a terminoloxía utilizada anteriormente e o glosario gal-ing da pesca facilitado pola clienta.
3. A tradutora comprométese polo presente acordo de prioridade a realizar a devandita tradución no prazo de catro días.
4. A tarifa acordada en concepto do citado servizo é de 0,07 €/ palabra. A tradutora comprométese e queda obrigada a estar ao día nas súas obrigas tributarias e legais esixidas para desenvolver a súa actividade profesional. A clienta comprométese a efectuar o pagamento debido nun prazo de 30 días a contar dende o día seguinte á entrega da tradución.
5. A tradutora garante que realizará unha tradución como profesional con experiencia nos ámbitos que requira a tradución.
6. A tradutora tratará como confidencial toda a información e documentación que se lle facilite para levar a cabo este encargo, obrigándose a non revelala a terceiros e non utilizala para o seu beneficio persoal.
7. A tradutora non contactará con ningunha finalidade coas persoas ou empresas que figuren na documentación por non existir ningunha relación con eles.
8. En caso de litixio ante os tribunais, as partes sométense expresamente aos tribunais de Pontevedra.

Lidas e aceptadas todas as cláusulas, ambas as dúas partes asinan por duplicado o presente Acordo de Colaboración Prioritaria e Protocolo de Confidencialidade.

Pontevedra, 11 de novembro de 2002.

2.1.2. Obrigas do/a tradutor/a

- **Prazo de entrega.** O tradutor entregará o traballo no prazo de tempo establecido e acordado entre as partes.
- **Confidencialidade.** O/a tradutor/a está na obriga de gardar a confidencialidade e asegurarse da imposibilidade de acceso a aquel material que sexa confidencial. No caso de que o/a cliente/a requira un grao especial de confidencialidade (é dicir, nun grao superior ao que se supón ao/a tradutor/a), deberá constar esta circunstancia expresamente nunha cláusula do contrato que asinen tradutor/a e cliente/a.

2.2. A Interpretación

2.2.1. Recomendacións

- **Información previa.** Antes de que o/a intérprete decida a aceptación ou rexeitamento da encomenda, o/a cliente/a deberá de informalo/a do tema, o lugar, a data maila estruturación temporal concreta do congreso, reunión ou calquera outro tipo de situación para a que se requira o seu labor como intérprete. Así mesmo, o/a cliente/a deberá por á disposición do/a intérprete un programa detallado do evento e copias das conferencias ou intervencións de que dispoña, así como todo tipo de información ou documentación adicional da que dispoña e que poida ser de utilidade ou beneficio para o/a intérprete (documentos relacionados coa materia, glosarios, vídeos, catálogos, etc.).
- **Cómputo.** O/a intérprete porá as súas tarifas en coñecemento do/a cliente/a. O cómputo en Galicia realízase habitualmente por xornadas (ata un máximo de sete horas) e medias xornadas (ata catro horas), se ben tamén se poden facturar horas soltas para o caso de conferencias ou reunións de curta duración (ata unha hora e media) ou horas extras. A estes efectos pódese consultar o apartado terceiro do presente documento (*Condicións económicas*), onde a AGPTI ofrece as tarifas de uso xeralizado en Galicia para os distintos tipos de tradución/interpretación, tendo en consideración determinadas condicións especiais de traballo (horas extras, horas soltas, etc.)

- **Contrato de arrendamento de servizos.** O acordo por escrito das condicións laborais das traballadoras e traballadores, no que se estipulen as obrigas e dereitos das dúas partes implicadas, é unha práctica cada vez máis habitual e que reviste unha grande importancia para garantir o adecuado cumprimento da encomenda específica acordada.

O/a intérprete entregará ao/á cliente/a un contrato de arrendamento de servizos que este/a deberá ler e asinar, e no cal ha de constar a seguinte información: linguas de traballo, datas, lugar e horario de traballo, tarifas aplicadas, prazos e condicións de pagamento, etc. A continuación presentamos un contrato ficticio para exemplificar a nosa recomendación. Achégase tamén, como anexo a este documento, un modelo deste tipo de contrato.

ACORDO DE COLABORACIÓN PRIORITARIA

E

PROTOCOLO DE CONFIDENCIALIDADE

REUNIDAS

por unha parte

Dña Sabela Hermida Leivas, maior de idade, con DNI 35 948 390 F, en representación de TRADUCIÓNS A FROUXEIRA S.A., con CIF 12 345 678 C e domicilio fiscal en R/Mariscal, nº 3 - 4º dta., 27456 Mondoñedo, no sucesivo a Clienta.

e por outra parte

Dña Xana Leiras Alvariño, maior de idade, con DNI 23 456 789 B e domicilio fiscal en R/Pintora Maruxa Mallo, nº7 - 2ªA, 36345 Pontevedra, en calidade de intérprete, no sucesivo a Intérprete.

ACORDAN

1. A Clienta contrata os servizos de interpretación da Intérprete.
2. A Intérprete, por encargo da Clienta, levará a cabo as tarefas de interpretación simultánea no congreso *Os propietarios forestais e as enerxías renovables*, que se celebrará no Palacio de Exposicións e Congresos de Santiago de Compostela os días 21 e 22 de novembro de 2002. Xornadas de traballo: dúas completas (achégase copia do programa con especificación das horas e intervencións concretas). Linguas de traballo: inglés e galego. Nº de intérpretes contratados/as pola Cliente: 2 por combinación lingüística.
3. A Intérprete comprométese polo presente acordo de prioridade a presentarse no Palacio de Exposicións e Congresos de Santiago de Compostela media hora antes do comezo efectivo do congreso no que se require a súa participación como intérprete.
4. A tarifa acordada en concepto do citado servizo é de 385 €/xornada (IVE non incluído). A Intérprete comprométese e queda obrigada a estar ao día nas obrigas tributarias e legais esixidas para desenvolver a súa actividade profesional.
5. A Intérprete garante que realizará as tarefas de interpretación para as que está sendo contratada como profesional con experiencia nos ámbitos que requira a interpretación.
6. A Clienta comprométese a facerlle chegar á Intérprete, coa maior brevidade posible, toda a documentación que posúa relacionada co congreso: copia das conferencias ou dos seus resumos, programa detallado, glosarios ou información relacionada, etc.
7. A Intérprete tratará como confidencial toda a información e documentación que se lle facilite para levar a cabo esta encarga, obrigándose a non revelala a terceiros e non utilizala para o seu beneficio persoal.
8. A Intérprete non contactará con ningunha finalidade coas persoas ou empresas que figuren na documentación por non existir ningunha relación con eles.
9. A Clienta comprométese a efectuar o pagamento acordado nun prazo máximo de 60 días

a contar desde a data de recepción da factura que lle enviará a Intérprete. Esta, pola súa banda, deberá enviar a mencionada factura á Clienta nun prazo de quince días tras o remate do congreso.

10. En caso de litixio ante os tribunais, as partes sométense expresamente aos tribunais de Pontevedra.

Lidas e aceptadas todas as cláusulas, ambas as dúas partes asinan por duplicado o presente Acordo de Colaboración Prioritaria e Protocolo de Confidencialidade.

Pontevedra, 11 de novembro de 2002.

2.2.2. Obrigas do/a intérprete

- **Confidencialidade.** O/a intérprete está na obriga de gardar a confidencialidade e asegurarse da imposibilidade de acceso de calquera persoa allea ao traballo para o que foi contratado/a a aquel material que sexa confidencial. No caso de que o/a cliente/a requira un grao especial de confidencialidade (é dicir, nun grao superior ao que se supón ao/á intérprete), deberá constar esta circunstancia expresamente nunha cláusula do contrato que asinen intérprete e cliente/a.

2.2.3. Obrigas da parte contratante

- **Cumprimento da normativa laboral vixente.** O/A cliente/a comprométese a respectar e garantir o cumprimento da normativa vixente sobre medidas de seguridade e hixiene no traballo, de cara a facilitar unhas condicións laborais dignas e respectuosas co labor desenvolvido polo/a intérprete. A estes efectos, pódese consultar o Anexo II (*Lexislación relevante*), no que se inclúen referencias tanto de carácter xeral aplicables a todos/as os/as traballadores/as como de carácter específico aplicables a tarefas de interpretación e aos medios necesarios para o seu desenvolvemento.

3. CONDICIÓN ECONÓMICAS DOS/AS PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN

A remuneración digna do traballo resulta unha das cuestións máis importantes de calquera actividade económica. En xeral, as e os profesionais da tradución teñen que enfrontarse a un mercado no que o intrusismo leva a unha baixada constante de tarifas que cada vez fan que resulte máis difícil dedicarse a esta actividade profesional.

O/a cliente/a deberá efectuar o pagamento do servizo no prazo de tempo estipulado no contrato de arrendamento de servizos. No caso de que se incumpra este prazo, o/a tradutor/a poderá recorrer á vía legal correspondente. Os prazos de pagamento poderán depender da lonxitude ou magnitude da tradución ou interpretación encomendadas, e así poderá establecerse un pagamento á vista, ou a 30 días, 60 días, etc. O modo máis habitual de realizar os pagamentos é nun prazo de tempo non superior a 60 días. Este prazo deberá acordarse entre as partes e constar expresamente no contrato asinado. Este contrato tamén poderá contemplar a posibilidade da provisión de fondos. Desta maneira, o/a cliente/a comprométese a pagar unha porcentaxe da cantidade final estipulada ou unha contía fixa nun determinado prazo de tempo.

ANEXOS

I. DEFINICIÓNS

Neste apartado recolleemos unhas breves descrições dos conceptos máis usuais da actividade profesional da tradución e da interpretación.

- Tradución:

Acto de verter por escrito a unha lingua meta un texto orixinariamente escrito nunha lingua orixe.

- Tradución xeral:

Tradución que ten por obxecto un texto escrito en linguaxe non especializada.

- Tradución especializada:

Tradución que ten por obxecto un texto escrito en linguaxe especializada (xurídica, económica, técnica, científica, etc.).

- Tradución xurada:

Tradución que o/a tradutor/a xurada (unha especie de "fedatario público") sela dando así fe de que a tradución se corresponde co orixinal.

- Tradución á vista:

Tradución na que o/a tradutor/a ten ante si un texto escrito que non viu nunca antes e que le directamente en voz alta noutra lingua.

- Interpretación:

Acto de verter oralmente á lingua termo unha mensaxe producida en lingua orixe.

- Interpretación consecutiva:

O/a intérprete transmite en bloque as informacións que recibe en lingua orixe sen necesidade dun equipo técnico, e con posterioridade á emisión do discurso orixinal.

- Interpretación simultánea:

O/a intérprete traballa aquí nunha cabina insonorizada. A través dun equipo técnico recibe a información en lingua orixe que verte en lingua meta practicamente de forma simultánea.

- Interpretación bilateral ou de enlace / Intérprete acompañante:

O/a intérprete fai de intermediario/a entre dúas (ou ás veces máis) persoas que falan dúas linguas distintas. Este tipo de interpretación emprégase tipicamente en situacións como: reunións de negocios, roldas de prensa, entrevistas, etc.

- Interpretación murmurada ou *chuchotage*:

O/a intérprete traduce en voz baixa, ao oído dun ou dous delegados, o que vai dicindo o/a orador/a.

- Interpretación xurada:

Interpretación realizada por un/ha intérprete xurado/a.

- Lingua orixe/de partida (LO):

Lingua da que se traduce/interpreta.

- Texto orixe/de partida (TO):

Texto orixinal que se ha de traducir.

- Lingua termo/de chegada (LT):

Lingua á que se traduce/interpreta.

- Texto termo/de chegada (TT):

Texto traducido. É resultado do acto da tradución.

- Texto paralelo:

Texto na lingua termo ou orixe comparable ao texto orixe en canto á materia do mesmo ou ao tipo de texto.

- Documentación sobre a materia:

Toda aquela información (texto, imaxes, glosarios, traducións) útil e necesaria para a elaboración dunha tradución correcta.

- Función do texto:

Función comunicativa que ha de cumprir o texto termo.

- Tradutor/a ou intérprete profesional:

Persoa dedicada profesionalmente ao exercicio da tradución e/ou da interpretación. Os e as profesionais da tradución/interpretación poden estar contratados por conta allea (nunha empresa, axencia de tradución, organismo, etc.) ou ben seren profesionais autónomos.

- Tradutor/a ou intérprete xurado/a:

Persoa acreditada polo Ministerio de Asuntos Exteriores, no caso da tradución/interpretación de castelán, e pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Política Lingüística), no caso da tradución/interpretación de galego.

- Xornada completa de interpretación:

Xornada laboral dun máximo de sete horas, repartidas entre mañá e tarde e descontado o tempo da comida e das pausas.

- Media xornada de interpretación:

Xornada laboral dun máximo de catro horas, ben en horario de mañá ou ben de tarde e descontado o tempo das pausas.

- Corrección de textos:

Entre as tarefas habituais dos/as profesionais da tradución, tamén se recolle a da corrección de textos. Neste caso, o/a cliente pón á disposición do/a tradutor/a un texto coa súa tradución para que este/a a revise e a corrixa. O/a cliente/a deberá especificar de qué tipo de corrección se trata: erros ortográficos e de lingua, erros de tradución, cuestións estilísticas, etc.

- Taxa de cancelación:

A taxa de cancelación aplicarase para os traballos de interpretación sempre e cando un traballo se cancele nos tres días anteriores ao día para o que estaba prevista a interpretación.

II. LEXISLACIÓN RELEVANTE

Neste apartado ofrecemos unha relación da lexislación que regula casos frecuentes no eido profesional da tradución e da interpretación e outra bibliografía relevante:

- Incumprimento dos pagamentos: Lexislación mercantil
- Tradución dun libro: Lei da Propiedade Intelectual
- Reclamación dunha débeda: Código Civil
- Cancelación dun traballo / incumprimento de contrato: Código Civil
- Seguridade laboral: Lei de Prevención de Riscos Laborais
- Aspectos xerais sobre o estado da profesión da tradución en España: *Libro Blanco de la Traducción en España*
- Normas ISO 2603 e 4043, sobre medidas de seguridade e hixiene aplicables a cabinas de interpretación fixas e móbiles.
- Procedemento de xestión e realización dunha tradución: DIN 2345

III. MODELOS DE CONTRATO DE ARRENDAMIENTO DE SERVICIOS

A) MODELO PARA A TRADUCCIÓN

ACORDO DE COLABORACIÓN PRIORITARIA

E

PROTOCOLO DE CONFIDENCIALIDADE

REUNIDAS/OS

por unha parte

D/Dna....., maior de idade, con DNI nº, en representación de ... [A EMPRESA, AXENCIA, etc.]....., con CIF nº e domicilio fiscal en, no sucesivo o/a Cliente/a.

e por outra parte

D/Dna, maior de idade, con DNI nº e domicilio fiscal en....., en calidade de tradutor/a, no sucesivo o/a Tradutor/a.

ACORDAN

1. O/A cliente/a contrata os servizos de tradución do/a tradutor/a.
2. O/A tradutor/a, por encargo do/a cliente/a, levará a cabo a tradución do texto....., (detalles do encargo: título do texto, tema, nº de palabras, linguas de partida e chegada, etc.).
3. O/A tradutor/a comprométese polo presente acordo de prioridade a realizar a devandita tradución no prazo de
4. A tarifa acordada en concepto do citado servizo é de €/palabra. O/A tradutor/a comprométese e queda obrigado/a a estar ao día nas obrigas tributarias e legais esixidas para desenvolver a súa actividade profesional. O/A cliente/a comprométese a efectuar o pagamento nun prazo de días a contar dende o día seguinte da entrega da tradución.
5. O/A tradutor/a garante que realizará unha tradución como profesional con experiencia nos ámbitos que requira a tradución.
6. **O/A tradutor/a tratará como confidencial toda a información e documentación que se lle facilite para levar a cabo este encargo, obrigándose a non revelala a terceiros e non utilizala para o seu beneficio persoal.**
7. O/A tradutor/a non contactará con ningunha finalidade coas persoas ou empresas que figuren na documentación por non existir ningunha relación con eles.
8. En caso de litixio ante os tribunais, as partes sométense expresamente aos tribunais de

Lidas e aceptadas todas as cláusulas, ambas as dúas partes asinan por duplicado o presente Acordo de Colaboración Prioritaria e Protocolo de Confidencialidade.

[LUGAR]....., [DATA].... de de

B) MODELO PARA A INTERPRETACIÓN

ACORDO DE COLABORACIÓN PRIORITARIA

E

PROTOCOLO DE CONFIDENCIALIDADE

REUNIDAS/OS

por unha parte

D/Dna....., maior de idade, con DNI....., en representación de... [A EMPRESA, AXENCIA, etc.]....., con CIF e domicilio fiscal en , no sucesivo o/a Cliente/a.

e por outra parte

D/Dna....., maior de idade, con DNI e domicilio fiscal en....., en calidade de intérprete, no sucesivo o/a Intérprete.

ACORDAN

1. O/A cliente/a contrata os servizos de interpretación do/a Intérprete.
2. O/A Intérprete, por encargo do/a cliente/a, levará a cabo a interpretación..... (detalles do encargo: interpretación simultánea / consecutiva / de enlace; denominación do evento ou reunión; etc.).
3. O/A intérprete comprométese polo presente acordo de prioridade a realizar a devandita interpretación o día..... de..... ás..... horas, aínda que deberá estar en..... ás..... horas.
4. A tarifa acordada en concepto do citado servizo é de €/xornada. O/A intérprete comprométese e queda obrigado/a a estar ao día nas obrigas tributarias e legais esixidas para desenvolver a súa actividade profesional. O/A cliente/a comprométese a efectuar o pagamento nun prazo de días a contar dende o día seguinte da entrega da tradución.
5. O/A intérprete garante que realizará a devandita interpretación como profesional con experiencia nos ámbitos que requira a interpretación.
6. **O/A intérprete tratará como confidencial toda a información e documentación que se lle facilite para levar a cabo este encargo, obrigándose a non revelala a terceiros e non utilizala para o seu beneficio persoal.**
7. O/A intérprete non contactará con ningunha finalidade coas persoas ou empresas que figuren na documentación por non existir ningunha relación con eles.
8. En caso de litixio ante os tribunais, as partes sométense expresamente aos tribunais de

Lidas e aceptadas todas as cláusulas, ambas as dúas partes asinan por duplicado o presente Acordo de Colaboración Prioritaria e Protocolo de Confidencialidade.

[LUGAR]....., [DATA].... de de